

IDEAS POR ESTANCIAS



Despois de 12 días sen escola, xa nos estamos afacendo a esta nova situación. Veña peques! Seguid así de valentes e xa veredes que pronto estamos de volta. Mentres tanto, aquí tedes outras propostas. Parece que nesta cuarentena o arco da vella nos quere acompañar como símbolo de esperanza. Todas as propostas de hoxe viran ao redor deste fenómeno. Espero que as disfrutedes.

COCIÑA



Idea 12: Biscoito do arco da vella.

Prepararemos o biscoito seguindo as indicacións que atoparedes no outro documento. Trátase dun biscoito de iogur que tinguiremos empregando colorantes alimentarios. Podemos tratar de que as cores queden ordeadas pero que quede con efecto "manchóns" está xenial igualmente. O divertido é facelo así que mans á masa.



BAÑO



Idea 12: Arco da vella con nubes de algodón.

Trátase de facer un arco da vella con tiras de papel de diferentes cores que iremos colocando pegadas unhas as outras. No remate das mesmas colocaremos unhas nubes de papel ou cartolina sobre os que pegaremos algodón.



HABITACIÓN DOS MAIORES



Idea 12: Facemos un arco da vella con roupas.

Buscaremos nos armarios toallas ou outras roupas de cada unha das cores que aparecen no arco da vella e as colocaremos dándolles a forma da mesma. Podemos aproveitar para falar de cómo nos fai sentir cada unha das cores, se temos moita ou pouca roupa de cada unha das cores, sobre cal pode ser o motivo e, dese xeito, comentar os nosos gustos .

HABITACIÓN DOS PEQUES



Idea 12: Arcos da vella collage.

De igual xeito que fixemos antes empregando a roupa, agora buscaremos pola casa papeis, xoguetes, obxectos de pequeno tamaño que sexan de cada unha das sete cores e as iremos colocando agrupadas. Realizamos unha clasificación dos obxectos en función das cores. Logo, podemos debuxar un arco da vella sobre o que pegar aqueles obxectos atopados que podamos empregar.



SALÓN



Idea 12: Arco da vella de lá e pequenos tambores do arco da vella.

Preséntovos dúas propostas porque é probable que non dispoñades de tantas lás como require o primeira das ideas... A min pásame, teño un bo arsenal pero non conto con todas as cores polo que, comparto pero quedo con ganiñas de facelo.

A idea consiste en facer unha nube de cartón na que recortamos o interior. Empregando lá branca ou gris “envolvemos” o contorno para despois ir colgando sobre a nosa nube lás de cada un das cores facendo un pequeno nó.

A outra idea consiste en facer un arco da vella de cartón que pintaremos con rotulador ou témpera. A continuación, pegaremos un pau ou caniña na parte posterior empregando cinta adhesiva ou silicona. Nos extremos colocaremos uns anacos de cordel rematados en contas de pulseiras que quedarán anudados. O noso tambor sonará cando frotando as nosas mans co pauciño entre elas vire adiante e atrás chocando así as contas contra o cartón.



CORREDORES



Idea 12: Xogo de cores.

Disporemos uns círculos de cores polo chan do corredor que pode ter cortado o ou a peque. O xogo consistirá en ir saltando dunha cor a outra igual ou en pasar dun lado a outro sen pisar unha cor determinada. Tamén podemos improvisar unha ruleta coa que xogar a un “Twister” caseiro. Seguro que se vos ocorren outras moitas variantes para xogar con estes elementos.